

2.—A non recepción ou calquera outro erro nos datos consignados no documento cobratorio non exime da obriga de pagamento (art. 102 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria). Os contribuíntes que, trinta días antes do remate do período voluntario de ingreso, non recibisen ou extraviasen o xogo de impresos correspondente, disporán ata o derradeiro día do prazo citado para solicitar un duplicado nas dependencias municipais de recadación. Para a súa comodidade, acuda con antelación suficiente a solicitar o duplicado, evitando deste xeito a formación de colas e aglomeracións os derradeiros días do período voluntario.

3.—Os contribuíntes que domiciliasen o pagamento dos seus tributos se lle cargará na conta o importe correspondente de acordo coas súas indicacións.

Advertencia

Rematado o período voluntario de ingreso, os recibos non pagados esixíranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 da Lei xeral tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación.(R.D. 939/2005,de 29 de xullo).

Domiciliación

Aconsellámoslle que, para a súa comodidade, domicilie o pagamento dos seus tributos en calquera entidade bancaria. Bastará con cubrila orde de domiciliación que se achega co impreso de pagamento e entregala no rexistro municipal ou en calquera entidade colaboradora.

Cambados, 16 de Xulio de 2012.—O Alcalde, ilexible.

2012007012

* * *

CANGAS

A N U N C I O

O Pleno do Concello de cangas, en sesión ordinaria de data 29 de xuño de 2012, acordou aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Ordenanza municipal reguladora da instalación das terrazas na vía pública, cangas de morrazo, unha vez resoltas as reclamacións presentadas e incorporadas á mesma as modificacións derivadas das reclamacións estimadas, o que se fai público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DAS TERRAZAS NA VÍA PÚBLICA, CANGAS DE MORRAZO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A instalación de mesas e cadeiras na vía pública constitúe un uso especial do dominio público.

O uso común especial normal dos bens de dominio público suxeitarase a licenza, axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral.

De conformidade coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, aplican a estas licenzas a doutrina do silencio negativo, o que implica que o petionario da licenza non ostenta un dereito preexistente a súa ostentación.

Co fin de regular o outorgamento deste tipo de licenzas de xeito que sexa compatible a utilización do espacio público para disfrute e tránsito dos usuarios da vía pública coa ocupación da mesma por parte dos titulares de establecementos de hostalería, aprobase a presente Ordenanza na que se adoptan unha serie de medidas tendentes a buscar un equilibrio e distribución equitativa e razoable do dominio

público. Asemade, procúrase adecuar a estética das instalacións ao entorno dos seus emprazamentos co obxecto de dotar dun atractivo singular o espacio urbano da nosa Vila.

CAPITULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

ARTÍGO 1. OBXECTO.

1. A presente Ordenanza ten por obxecto a regulamentación do réxime xurídico a que debe someterse o aproveitamento de terreos, tanto de dominio público como privados de uso público, dentro do termo municipal de Cangas de Morrazo, mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas que constitúan complemento da actividade que desenvolven os establecementos de hostalería de carácter permanente.
2. Esta Ordenanza non será de aplicación aos actos de ocupación do dominio público de carácter hostaleiro que se realicen con motivo da celebración das festas patronais, feiras e festexos populares, que se rexerán polas súas normas específicas.
3. Non é obxecto desta Ordenanza a instalación de quioscos ou instalacións permanentes en espazos exteriores de dominio público municipal. Ditas ocupacións estarán suxeitas a previa concesión administrativa.

ARTÍGO 2. INSTALACIÓNS AUTORIZABLES.

Aos efectos desta Ordenanza, entenderase por terrazas, as instalacións formadas por mesas, cadeiras, parasois, toldos, xardineiras e outro elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal de hostalería tal como bar, café-bar, cafetería, restaurante ou similares.

CAPÍTULO II. RÉXIME XURÍDICO

ARTÍGO 3. AUTORIZACIÓNS.

1. A implantación destas instalacións require a previa obtención de licenzas municipais nos termos previstos nesta Ordenanza e na normativa sectorial aplicable. Prohíbese a instalación de terrazas na vía pública sen licenzas municipais. Todas as licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, entendéndose concedidas en precario. O exercicio da actividade desenvolverase a risco e ventura dos interesados.
2. O petionario da licenza non ostenta un dereito preexistente a súa obtención, polo que nin a presentación da solicitude de autorización de ocupación de vía pública nin o pagamento das taxas correspondentes, autorizan ao interesado para instalar a terraza.
3. A instalación de terrazas sen a perceptiva autorización ou sen axustarse as condicións da licenza, dará lugar a inmediata orde de retirada que, de non ser executada voluntariamente polo interesado, executarase subsidiariamente polo Concello, a custa do obrigado, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer.

ARTÍGO 4. SOLICITUDES – AUTOLIQUIDACIÓNS.

1. Poderán solicitar licenza para este tipo de ocupacións, os titulares de licenzas de actividade-apertura dos establecementos de hostalería que linden co espacio exterior que se pretende ocupar, sempre que a actividade se desenvolva de conformidade coas normas urbanísticas e sectoriais que regulan a mesma.
2. As solicitudes – autoliquidacións, que se presentarán como mínimo con un mes de antelación á data de instalación que e interesa, deberán formularse especificando os datos persoais, nome comercial do establecemento e licenzas de actividade de mesmo, ámbito temporal da instalación, dimensións da terraza, ancho da beirarrúa libre para peóns e número de cadeiras, mesas, toldos, parasois e demais elementos decorativos.

3. A solicitude – autoliquidación acompañarase necesariamente da seguinte documentación:
- Fotocopia compulsada da licenzia de actividade-apertura de establecemento de hostalería. A licenzia deberá estar en vigor, e non atoparse incurso en expedientes de disciplina urbanística e contaminación acústica que afecten o devandito establecemento.
 - Documento que acredite non ter deudas pendentes coa Facenda Municipal.
 - Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai a realizar e do mobiliario que se pretende instalar. Deberá expresar o número de mesas e cadeiras a instalar e a superficie en metro cadrados a ocupar. Achegarase unha fotografía do mobiliario e da fachada do establecemento.
 - Croquis acoutado, no que se reflecta a superficie a ocupar, situación das mesas e cadeiras, lonxitude de fachada do establecemento, ancho da beirarrúa/rúa libre para peóns/vehículos, así como todos os elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.”

ARTIGO 5. PERÍODO IMPOSITIVO.

1. Os aproveitamentos obxecto da presente Ordenanza estarán suxeitos ao pagamento das correspondente taxas establecidas na Ordenanza Fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial do dominio público local.
2. Os períodos impositivos establécense na devandita Ordenanza Fiscal. No momento de facer a autoliquidación, os interesados especificarán o período impositivo polo que optan e para que desexan obter autorización. En todo caso, os períodos impositivos serán períodos naturais completos.
3. Cando o interesado desexe continuar coa instalación da terraza autorizada, deberá presentar unha nova solicitude, como mínimo, cun mes de antelación á expiración da licenzia de ocupación, logo do pagamento das novas taxas.

ARTIGO 6. FORMAS DE EFECTUAR A AUTOLIQUIDACIÓN DA TAXA.

Por regra xeral, a autoliquidación será o resultado de multiplicar os metros cadrados de ocupación pública (que consten na documentación de solicitude descritiva e gráfica, para os que se pretende obter a licenzia de ocupación de mesas e cadeiras) pola tarifa específica para dita ocupación, regulada na Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 7. TRAMITACIÓN.

O procedemento iniciarase mediante solicitude-autoliquidación, que conterá alo menos os datos sinalados no artigo 70 da Lei 30/1992 do 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRX-PAC), ao que se adxuntará, no seu caso, a documentación prevista no artigo nº4 da presente Ordenanza, que se presentará no Rexistro de Concello de Cangas, sen perxuízo do disposto nos artigos 38.4 e 38.9 da lei LRX-PAC.

Os servizos municipais disporán dun prazo de quince días para examinar a solicitude e documentación aportada e, no seu caso, requirirán ao interesado para que subsane a falta ou adxunte a documentación perceptiva, con indicación de que se non o fixera teráselle por desistido da súa petición, arquivándose sen máis tramite, cos efectos previstos no artigo 42.1 da LRX-PAC.

Unha vez completada a documentación, emitirase un informe técnico e outro da policía local que finalizará con proposta en algún dos seguintes sentidos: denegación ou outorgamento da licenzia de ocupación-terraza.

ARTIGO 8. OBRIGA DE RESOLVER.

1. O órgano competente para a concesión da licenzia é o Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue. Sen prexuízo da obriga de resolver, a non contestación do pedimento no prazo

dun mes, implicará a súa desestimación tácita a efectos da interposición dos correspondentes recursos.

2. A concesión ou denegación das licenzas efectuarase en función do cumprimento dos requisitos previstos na presente ordenanza, das características da vía ou terreo onde se pretende a instalación e das circunstancias obxectivas en cada caso concorrentes e constatadas nos informes que a eses efectos se soliciten. No caso de denegarse a licenza procederase á devolución da taxa autoliquidada.

ARTIGO 9. SUPOSTOS DE TRANSMISIBILIDADE E SUBROGACIÓN.

1. A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostalería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directamente ou indirectamente en todo ou en parte.
2. As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento de establecemento principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.
3. No caso de falecemento do titular da licenza subrogaranse na mesma o seus herdeiros, sempre que se manteña a licenza para a actividade de establecemento principal e a terraza. Dita subrogación deberá ser solicitada ante o Concello, aportando o interesado a documentación que acredite a súa condición de herdeiro e xustificando o cambio de titularidade da licenza de actividade do establecemento principal.

ARTIGO 10. SUSPENSIÓN E REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN.

1. Cando concorran circunstancias de interese público que impidan a efectiva utilización do solo para o destino autorizado, tales como obras, acontecementos públicos, festexos populares, situacións de emerxencia ou calquera outras, a autorización municipal quedará sen efecto ata que desaparezan ditas circunstancias, sen que xenere dereito a indemnización algunha.
2. Cando xurdan circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización, así como de implantación, supresión ou modificación de servizos públicos ou se produzan danos no dominio público, a Administración concédente mediante resolución motivada poderá revogar a licenza concedida sen dereito a indemnización algunha. Igual Facultade alcanzará no caso de que da actividade autorizada se deriven molestias graves para o tráfico pernill, se produzan queixas ou reclamacións por parte dos veciños debidamente acreditadas ou denuncias da Policía Local, por molestias de ruídos e por perturbación do descanso nocturno.

ARTIGO 11. VIXENCIA DAS AUTORIZACIÓNS.

A vixencia das autorizacións de ocupación que se concedan corresponderase co período de funcionamento autorizado.

CAPÍTULO III. DAS INSTALACIÓNS

ARTIGO 12. CONDICIÓNS DE UBICACIÓN.

As instalacións deberán cumprir as seguintes condicións:

1. Condicións xerais:

A colocación de terrazas nas vías públicas deberá en todo caso respectar o uso común xeral preferente das mesmas. En consecuencia, non suporán obstáculo para o tránsito pernill, nin poderán prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado.

A autoridade municipal competente denegará a autorización destas instalacións temporais en calquera dos seguintes supostos:

- Cando se incumplan os requisitos esixidos na presente Ordenanza.
- Cando supoña un prexuízo para a seguridade vial (diminución de visibilidade, distracción para o condutor,...) ou dificulte sensiblemente o tráfico dos peóns.
- Cando supoña para a súa atención atravesar a calzada estando esta aberta ao tráfico. Cando impida ou dificulte gravemente o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos (fontes, cabinas telefónicas,...).
- Cando se instalen en xardíns públicos ou comunitarios.
- Cando resulte inadecuada ou discordante co seu entorno, por exemplo, menoscabado o interese de edificios públicos ou espazos públicos ou de carácter histórico-artístico.
- Cando se atopen en tramitación expedientes administrativos de disciplina urbanística e/ou contaminación acústica que afecten ao establecemento de hostalería.

2. Ocupación con terrazas en beirarrúas/rúas:

- Será requisito indispensable para autorizar a instalación da terraza que a beirarrúa/rúa na que se instale teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.
- Nas beirarrúas/rúas de ancho igual o superior a 3,00 e inferior a 4,50 metro, a instalación da terraza realizarase nunha soa fileira apegada á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinan, sen superala en lonxitude e deixarase expedito acceso as vivendas e locais comerciais colindantes. En principio, poden instalarse as mesas na totalidade do ancho da fachada de establecemento de hostalería se outras circunstancias (paso de peóns, paradas de autobuses, saídas de emerxencia, bocas de rego, rexistros dos distintos servizos, respiradoiros dos aparcamentos subterráneos, etc...) non o impiden. Será de carácter obrigatorio deixar como mínimo un espazo de 1,80 metros libres, de obstáculos para o tránsito dos viandantes.
- Nas beirarrúas/rúas de ancho igual o superior a 4,50 e inferior a 5,50 metro permitirase unha dobre fileira de mesas, sendo a ocupación das terrazas non superior a dous terzos do ancho dispoñible. Asemade, entre as dúas fileiras de mesas, deixarase un paso para servir as mesas de 0,80 metro. O conxunto de mesas e cadeiras de cada terraza, non poderá estar de costas nin de fronte respecto ao eixo da beirarrúa.
- Como regra xeral, a instalación da terraza realizarase nunha soa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuio servizo se destinará, sen superala en lonxitude, e deixarase expedito o acceso as vivendas e locais comerciais colindantes. En principio, poden instalarse as mesas, na totalidade do ancho da fachada do establecemento de hostalería se outras circunstancias (paso de peóns, paradas de autobuses, saídas de emerxencias, bocas de rego hidrantes, rexistros dos distintos servizos, respiradoiros dos aparcamentos subterráneos, etc...) non o impiden. Exceptúase desta esixencia as rúas, beirarrúas e prazas, onde a colocación das mesmas requirirá, en cada caso concreto, un estudio especial, atendendo ao ancho e demais características da rúa ou praza, se ben, non se poderá instalar a terraza durante o horario en que estea permitida a circulación de vehículos para carga y descarga.
- Terán preferencia para a instalación de terrazas, aqueles establecementos de hostalería cuxa fachada esté sita fronte ao lugar para o que se solicite a instalación. Non obstante, no caso de que non exista establecemento de hostalería ao que lle correspondera este espazo, poderá autorizarse a establecementos ubicados en rúas e zonas adxacentes, Baixo criterio razoable de proximidade.

3. Ocupación con terrazas en prazas públicas e zoas axardinadas.

- Para a instalación de terrazas nas prazas, os Servizos técnicos Municipais distribuirán o espazo para as terrazas entre os solicitantes, atendendo a superficie solicitada, mesas e cadeiras

solicitadas, número de locais solicitantes, espazos libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes e demais características da praza.

- Prohíbese con carácter xeral a ocupación con terrazas en zoas axardinadas, se ben con carácter excepcional e previo informe dos Servizos Técnicos Municipais, poderanse autorizar ou denegar tal ocupación en consideración ás circunstancias singulares en cada caso concreto, elevando a proposta ao órgano competente para o seu coñecemento e adopción de correspondente acordo.

4. *Ocupación con terrazas en calzada, sobre aparcadoiros.*

- Como regra xeral, para a ocupación da calzada con terrazas, non se establece distinción entre aparcadoiros en liña ou batería, en calquera dos dous supostos a superficie máxima non será superior a 30 m² e sobre dita superficie colocarse unha tarima balizada con barandillas de protección peonil.
- O ancho máximo será igual o ancho do aparcadoiro menos 0,80 metros de retranqueo da liña do carril de circulación.
- A instalación da terraza realizarase só na liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinan, sen superala en lonxitude. En principio, pode instalarse a tarima para a terraza na totalidade do ancho da fachada do establecemento de hostalería se outras circunstancias (paso de peóns, paradas de autobuses, saídas de emerxencias, bocas de rego hidrantes, rexistros dos distintos servizos, respiradouros dos aparcamentos subterráneos, etc...) non o impiden.
- As mesas e cadeiras deberán ter protexidos os extremos das patas con gomas, para evitar a emisión de ruídos ao arrastrar os mesmos sobre a tarima, tanto polos clientes, como no momento de retirar cada día as mesas e cadeiras.
- As tarimas serán obrigatorias para todas as terrazas que estén situadas na calzada, sobre aparcadoiros, en colindancia co tráfico rodado. A tarima colocarse sobre a superficie autorizada, adosada o bordillo da beirarrúa sen sobrepasar o nivel de mesmo. Deberá estar balizada con barandilla de protección peonil, cunha altura aproximada a 1,10 metro, contando ao mesmo tempo con elementos capta-faros nas esquinas. Deberá estar construída con materiais ignífugos.
- O Concello de Cangas, mediante o servizo municipal competente poderá ditar as normas complementarias que estime oportuno.

ARTIGO 13. MOBILIARIO.

1. O mobiliario utilizado nestas instalacións, deberá ser acorde coas características urbanas da zona onde se ubique, quedando expresamente prohibida calquera tipo de publicidade en mesas, cadeiras, parasóis ou similares. A estes efectos, non se considerará publicidade a inserción de Nome comercial do establecemento no mobiliario, manteis ou outros elementos da terraza.

2. Mediante a publicación da correspondente Ordenanza, o Concello poderá esixir que o mobiliario se axuste a determinadas características estéticas e de uniformidade entres os diversos establecementos en consonancia coa realidade arquitectónica do entorno. Ditas características poderán ser esixidas tanto ás novas instalacións como ás xa autorizadas.

3. O material do mobiliario que ocupe o espacio acoutado (mesas, cadeiras,...), deberá de ser de boa calidade, discreto, hixiénico, sen aristas e saíntes e con certo estilo e deseño. Aceptase o emprego de materiais tales como Madeira e aluminio. Non poderán colocarse cores chamativos ou chillóns. En todo caso, o Concello supervisará e autorizará o mobiliario a instalar na terraza.

4. En caso de instalar parasóis, deberase suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasóis unha altura mínima de 2,20 metros para no molestas a os peóns.

CAPÍTULO IV. OBRIGAS E PROHIBICIÓNS*ARTIGO 14. OBRIGAS*

Os titular das licenzas de terrazas quedarán obrigados especialmente a cumprir o seguinte:

- Cumprir as condicións impostas polo Concello na autorización concedida.
- Cingirse estritamente á zona autorizada sen rebasala por ningún concepto, evitando que os clientes o fagan. Deixarase expedito o acceso a edificios, vivendas, bados de vehículos e locais comarcais.
- Manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato
- Colocar en sitio visible, mediante un marco axeitado ou funda de plástico o permiso correspondente para que poida ser visto e consulado pola Policía Local ou inspector dende a rúa, sen necesidade de esixir a súa exhibición. A autorización deberá estar adherida a porta ou escaparate do establecemento.
- Fora do horario autorizado para a terraza, o titular la licenza virá obrigado a retirar de exterior a totalidade dos seus elementos, incluídos as bases dos parasois. As mesas, cadeiras e parasois serán recollidos diariamente no interior do local al que pertenza a terraza ou en local habilitado para tal finalidade polo interesado. Non cabe deixalos na rúa, amontoados e suxeitos con cadeas. A instalación e maila recollida da terraza da terraza realizarase co menor ruído posible co obxecto de garantir o descanso da cidadanía.
- Durante o período comprendido entre o 1 de xuño ao 30 de setembro, os elementos da terraza poderán ser apilados na rúa, asegurando debidamente o material de forma que non poda conlevar perigo algún para os viandantes e sempre e cando no se entorpezca o tránsito nin se menoscabe a imaxe da vía pública. Corresponde ao titular da licenza a limpeza da superficie ocupada. En todo caso, o espazo ocupado pola terraza, deberá quedar limpo todas as noites trala retirada da terraza.
- Unha vez retirada a terraza, se resultase afectado o pavimento pola instalación, o titulas da licenza será responsable dos danos causados, debendo repoñer o seu estado inicial, nun prazo máximo de sete días hábiles. Igualmente serán responsables dos danos ocasionados as cousas con motivo da instalación ou retirada da terraza.

ARTIGO 15. PROHIBICIÓNS

1. Por razóns de estética, decoro e hixiene, non se permitirá almacenar ou apilar produtos, caixas de bebidas e outros materiais xunto ás terrazas. Así como tampouco residuos propios das instalacións.
2. Non se permitirá a instalación de mostradores e outros elementos para o servizo da terraza no exterior desta, que deberá ser atendida desde o propio establecemento.
3. Prohíbese instalar nas terrazas billares, futbolíns, maquinas recreativas, máquinas expendedoras de produtos ou instalacións análogas.

ARTIGO 16. HORARIOS.

O funcionamento das terrazas axustarase as seguinte horario:

1. O horario de inicio do funcionamento das terrazas será ás sete horas, non obstante, permitirase apilar na rúa (non se autoriza a colocar ordenadamente) o mobiliario da terraza desde a apertura do establecemento de hostalería de carácter principal.
2. O horario de peche será:
 - En días laborais e festivos ás 00:00 horas.
 - En sábados e visperas de festivos á 1: 30 horas.

3. Durante o período comprendido entre o 1 de maio e 30 de setembro, os establecementos poderán ampliar o seu horario de terraza ata as 2:30 horas, excepto os sábados e vespersas de festivos que poderán ampliarse ata as 2:30 horas.

CAPITULO V. RÉXIME SANCIONADOR.

ARTIGO 17. INSPECCIÓN.

Corresponde aos Axentes da Policía Local e aos Inspectores Municipais a inspección do cumprimento do desposto na presente Ordenanza.

ARTIGO 18. POTESTADE SANCIONADORA.

As infraccións a esta Ordenanza serán sancionadas polo órgano municipal competente, previa instrución do correspondente expediente, de conformidade cos principios e procedementos regulados na Lei 30/1992, do 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e no Real Decreto 1398 / 1993, do 4 de agosto, polo que se regula o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

ARTIGO 19. INFRACCIÓNS.

Constitúen infraccións a esta ordenanza os actos ou omisións que contravenían o desposto Nela, clasificándose en leves, graves e moi graves.

ARTIGO 20. INFRACCIÓNS LEVES

Considerase infraccións leves:

- O cumprimento da obrigaçión de colocar en sitio visible, adherida a porta ou ao escaparate do establecemento, mediante un marco axeitado ou funda de plástico, o permiso/distintivo correspondente para que poida ser visto e consultado pola Policía Local ou inspector dende a rúa, sen necesidade de esixir a súa exhibición.
- Ocupar coa terraza maior superficie que a autorizada na licenza.
- O incumprimento da obrigaçión de manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.
- O deterioro leve dos elementos do mobiliario e ornamentais urbanos anexos ou colindantes ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
- O incumprimento da obrigaçión de retirar de exterior a totalidade dos elementos da terraza ao finalizar o horario autorizado.
- O incumprimento do desposto no apartados 3 e 4 do artigo 13 desta Ordenanza.
- Almacenar ou apilar produtos, caixas de bebidas e outros materiais xunto as terrazas, así como residuos propios das instalacións.
- Instalar mostradores e outro elementos no exterior da terraza para o servizo desta.
- Instalar nas terrazas billares, futbolíns, máquinas recreativas, máquinas expendedoras de produtos ou instalacións análogas.
- O incumprimento do horario de funcionamento das terrazas, establecido no artigo 16 desta Ordenanza.
- As infraccións que non teñan o carácter de graves ou moi graves.

ARTIGO 21. INFRACCIÓNS GRAVES.

Considéranse infraccións graves:

- A instalación dunha terraza carecendo da perceptiva licenza municipal.
- A negativa ou obstrución a labor inspectora, como sería negarse a facilitar, cando sexa requirida polos Inspectores ou Axentes da Autoridades, a licenza da instalación autorizada.
- Cando a instalación da terraza supoña un prexuízo, para a seguridade vial (disminución da visibilidade, distracción para o condutor,...) ou dificulte sensiblemente o tráfico dos peóns.
- Cando a terraza se instale en xardíns públicos ou comunitarios.
- Cando a instalación poida incidir na seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.
- Cando a terraza impida ou dificulte gravemente o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos (fontes, cabinas telefónicas...).
- O deterioro grave nos elementos do mobiliario e ornamentais urbanos anexos ou colindantes ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
- A reincidencia po la comisión no termo de 1 año de dúas infraccións leves.
- Exceder a actividade na terraza, carecendo do mobiliario adopta para a uniformidade do mesmo.

ARTIGO 22. INFRACCIÓNS MOI GRAVES.

Considerase infraccións moi graves:

- A ocultación, manipulación ou falsedade dos datos consignados na solicitude ou da documentación anexa aportada en orde á obtención da correspondente autorización.
- A reincidencia pola comisión no termo de 1 año de dúas infraccións graves.

ARTIGO 23. SANCIONES

1. As infraccións a Ordenanza tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas:

- As leves, con multa de ata 600 euros.
- As graves, con multa de 601 a 1.200 euros, que poderá acompañarse da clausura temporal da terraza por un espazo de tempo non superior a un mes.
- As moi graves, con multa de 1.201 a 2.000 euros, que poderá acompañarse da retirada da licenza da terraza con carácter definitivo.

2. Na imposición das sancións, deberá gardarse a debida adecuación entre a gravidade da infracción cometida e a sanción aplicada, debéndose seguir para a graduación da sanción a aplicación os seguintes criterios:

- A gravidade da infracción.
- O prexuízo causado.
- O beneficio obtido.
- A reiteración.
- As circunstancias do responsable.
- A reincidencia, pola comisión no termo de 1 ano de mais dunha infracción da mesma natureza, cando así se declare por resolución firme.
- A intencionalidade.

ARTIGO 24. PRESCRICIÓN

1. As infraccións leves prescriben aos 6 meses, as graves aos 2 anos e as moi graves aos 3 anos.

2. As sancións impostas por faltas leves prescribirán ao ano, as graves aos dos anos e as moi graves aos tres anos.



4. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese e o das sancións desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA.

As licenzas concedidas con anterioridade á entrada en vigor da presente Ordenanza deberán axustarse ao desposto Nela no prazo máximo de un mes desde a entrada en vigor.

DISPOSICIÓN DERROGATIVA ÚNICA.

Quedan expresamente derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ou resulten incompatibles co desposto na presente Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA.

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ao desta Ordenanza que afecten ás materias reguladas na mesma determinará, a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA.

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, esta Ordenanza entrará en vigor aos 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA.

Facúltase ao Sr. Alcalde ou Concelleiro/a e quen delegue, para ditar cantas ordenes e instrucións resulten necesarias para a axeitada interpretación, aplicación e cumprimento desta Ordenanza?"

Contra o presente Acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación de presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Cangas, a 4 de xullo de 2012. — O Alcalde-Presidente, José Enrique Sotelo Villar. **2012006985**

* * *

MONDARIZ BALNEARIO

A N U N C I O

Aprobouse provisionalmente polo Pleno do Concello, en sesión de 28 de xuño de 2012, o expediente de modificación e novo texto da ordenanza fiscal reguladora da taxa por asistencia e estancia en fogares e residencia de anciáns, garderías infantís, albergues e outros establecementos de natureza análoga.

Este acordo expónse o público por espazo de 30 días hábiles, contados a partir da publicación deste anuncio no BOP, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamación que estimen oportunas.

Mondariz Balneario, 3 de xullo de 2012. — O Alcalde, José Antonio Lorenzo Rodríguez. **2012006733**

* * *